

Casa reitoral

010025

Datos de Localización

Casa Reitoral

Nomenclator: 3200501
Coord. UTM: X: 600084
Y: 4640681
Concello: Baltar
Parroquia: ABADES
Lugar: San Paio
Tipoloxía: Arquitectura Civil
Tipo: Casas Reitorais
Subtipo: Casa Reitoral



Denominación: Casa reitoral
Etaapa Histórica: Idade Moderna
Estilo relevante Popular

Outros Estilos:

Descrición:

Casa situada a uns corenta metros da Igrexa, na Aira do Neto, na mesma praciña onde tamén se atopa o cruceiro. A vivenda ten muros mixtos de cachotería e perpiaño con cuberta de tella do país a catro augas. Presenta planta en forma de "L", con dúas fachadas exteriores e patio interior. A fachada principal, destaca pola escaleira central de dobre acceso que comunica co primeiro andar, onde hai catro ventás rectangulares, dúas a cada lado da porta. Na planta baixa, e á dereita da escaleira, unha porta lintelada, á esquerda, un pequeno vano rectangular. Na outra fachada, apreciáase unha diferenza no paramento, o da planta baixa de cachotería e o do andar, de perpiaño. Diferenzas, froito dunha reforma onde ademais se abriron dous vanos, un deles a modo de ventanal.

A residencia vai rodeada por alto muro de cachotería con gran portón que da acceso directo ao patio interior. Cara o patio, a casa ten planta baixa con dúas portas con lumieira e andar superior, con dúas ventás rectangulares e gran ventanal, que semella ser posterior. Ademais, conserva os soportes pétreos do patín que perdeu.

Completan os lados do patio, por un lado, as casas dos criados, con porta de acceso ás cortes e escaleira de granito que comunica co andar. Por outro, o que sería o combarro, do que só se conservan parte dos muros. E por último, o portón de acceso e o muro de peche. Na actualidade todas as portas e vanos son de aluminio, dúas das catro ventás da fachada principal, están tapiadas.

No libro 4.1.5 atopamos 2 referencias, f.54, 1735 "Tiene casa y diestros" e f.143, 1821. Resume das obras realizadas polo párroco na casa reitoral Francisco Antonio Álvarez, que debe entrar no 1814. No libro 4.1.4 tamén aparecen 2: f.72, 1875. Desperfectos da casa reitoral. Sen f., 1901. "Por piedra para la escalera canteros y toda su composicion de cantería 100 rls".

DOCUMENTACIÓN:

ABADES, San Paio.
A.H.D.OU.
4.1.4. Cuentas de Rectoral (1875-1910).
4.1.5. Visitas (1676-1820).

Características Construtivas

Plantas: B+1

Edif. Anexas: Un combarro no patio interior e dúas vivendas que pechan un dos lados do patio.

Mat. Fachada: Granito

Mat. Estrutura: Granito e madeira

Mat. Cuberta: Tella

Elementos singulare

Construtivos: Na zona do combarro na parte da cuberta, hai un canalón labrado en pedra para desaugar.

Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección: 100 m.

Protección

Tipo de ben: Inventariado

Proposta de tipo de ben:

Estado de Tramitación: Declarado

Nivel de Protección Arq.: Integral

Proposta Nivel de Protección Arq.

Grao de Protección Arq.: -----

Proposta Grao de Protección Arq. -----

Xustificación da Protección:

Titularidade

Polígono:

Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Malo

Uso Actual: Sen uso

Alteracións Morfolóxicas

Tipo: Morfolóxicas

Data:

Descrición: Na fachada exterior que non da á praza, apertura de gran ventanal. E cara o patio, apertura de gran ventá e desaparición do patín, do que so se conservan os soportes.

Proxecto:

Axentes:

Observacións: Estado xeral de ruína. Os peches de vanos e portas, con materiais non tradicionais. Dúas ventás da fachada principal, tapiadas. Falsa ventá de pvc branca para os anuncios do concello, adosada ao muro dunha das fachadas.

Bens Mobles







